

# PROGRAMACIÓN XERAL-PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2018/19

### ÍNDICE

-PROGRAMACIÓN XERAL PARA O CURSO 2018/19	
1. Disposicións legais.....	2
2. Descripción do contexto	
2.1. Ensinanzas impartidas.....	3
2.2. Procedencia do alumnado.....	4
2.3. Situación económica e cultural do alumnado e as familias.....	4
2.4. Detección de necesidades.....	4
2.5. Recursos.....	11
3. Obxectivos xerais.....	12
4. Planificación xeral e acción prioritarias.....	14
5. Estratexias de intervención.....	16
6. Medidas organizativas.....	16
7. Avaliación. Indicadores e procedementos.....	17
-APOIO AO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE.....	20
-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	25
-PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.....	32
-PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	35

### ANEXOS

I.-PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS, CONVIVENCIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS .....	59
II.-PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS PARA ALUMNADO CON MEDIDAS CORRECTORAS.....	63
III.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN.....	65
IV.- PROGRAMACIÓN TALLERES TÉCNICAS DE ESTUDO.....	70

## **1.- Disposicións Legais**

A nosa actividade educativa susténtase nas leis do ordenamento xurídico estatal e da Comunidade Autónoma. Particularmente, apóiase no lexislado pola LOMCE e demais normas referidas ao ámbito educativo, en especial:

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 2 de setembro).

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e corrección de erros da mesma (DOG 8 de febreiro de 2008).

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo).

Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos /as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime

xeral e, se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

LEI 4 / 2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.

Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2. Descrición do contexto**

### **2.1. Ensinanzas impartidas no Centro**

No I.E.S. Virxe do Mar de Noia impártense no presente curso académico as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais
- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía
- CM Disc-jockey e son
- Escola Oficial de idiomas (INGLÉS-FRANCÉS) Sección de Noia
- Programa de Linguas CUALE (Inglés e Francés)

## 2.2. Procedencia do alumnado.

A procedencia do alumnado nos cursos de maior afluencia ao centro(1º de E.S.O. e 1º de bacharelato) é semellante á de cursos anteriores:

- En 1º de E.S.O. o alumnado procede maioritariamente do centro adscrito. Do total de alumnos de 1º de ESO un 20% aproximadamente procede doutros centros da Vila: Centro privado-concertado M<sup>a</sup> Assumpta, CEIP Rodríguez Cadarso e Centro privado concertado Jaime Balmes.
- En 1º de bacharelato o alumnado procede maioritariamente do noso centro e dos Centros privados concertados, do Centro público Integrado de Lousame e dos centros da Serra de Outes.

## 2.3 Situación económica e cultural do alumnado e as familias.

O noso alumnado procede maioritariamente do casco urbano da vila e das zonas rurais e pequenos núcleos dos arredores.

Caracterízase como fundamentalmente rururbano ou rural, e con un estatus sociocultural e económico medio, no que respecta ao estatus sociocultural das familias, con predominio da clase media e o nivel de estudos dos pais, tendo aumentando considerablemente o número dos que posúen formación universitaria. Isto inflúe nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos.

## 2.4 Detección de necesidades:

Se facemos unha análise comparativa entre os tres cursos anteriores vemos que este curso mantense o número de alumnos.

Tomamos en consideración os datos do curso pasado en canto a casuísticas para a aplicación das diferentes medidas así como da valoración aportada na avaliación inicial

Da análise dos datos expresados podemos concluír que nos atopamos ante unha diversidade de familias en canto a expectativas, preocupación pola realidade, problemática e futuro dos deus fillos e fillas moi diferenciadas, alumnado que require unha adecuación do labor docente así coma maior apoio e asesoramento individualizado no proceso educativo.

Para identificar as necesidades xerais do departamento de orientación teremos en conta a cuantificación da frecuencia de certos factores significativos no alumnado do centro recollidos nas reunións co centro adscrito e nas reunións de avaliación inicial: desfase curricular, incorporación tardía ao sistema escolar ou ao curso, repetidores do curso actual, alumnado promocionado por idade, alumnado exento de segunda lingua estranxeira e que por tanto recibe reforzo educativo, alumnado con adaptacións curriculares, alumnado con discapacidade física ou psíquica con recoñecemento oficial, alumnado atendido polo profesorado de PT, alumnado disruptivo, alumnado con absentismo escolar.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS					
Curso 2017/18					
TIPO	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4º ESO	TOTAL
TDAH	1	1	1	1	4
ASPERGER			1		1
DISCAPAC IDADE INTELECT UAL			1		1
DISFASIA			1		1
ALTAS CAPACI DADES	1	1	1		3

## CADRO RESUMO DAS NECESIDADES DE ATENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### ALUMNOS CON NNEE

- QUE PRESENTAN DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A TRASTORNOS ESPECÍFICOS E UN DESFASE CURRICULAR DE DOUS OU MÁIS CURSOS CON RESPECTO AO CURSO NO QUE ESTÁN ESCOLARIZADOS, E QUE POLO TANTO, NECESITAN UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

<b>ALUMNADO</b>	<b>CURSO</b>	<b>REPETICIÓN DE CURSO</b>	<b>EX FRANCÉS</b>	<b>MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>TIPO DE NNEE</b>
Nº ALUMNOS: 2	3ºA	2ºEP - 6ºEP-3º ESO		REFORZO EDUCATIVO PROPOSTO ACI (mat,B/X, F/Q,LC)	SÍNDROME DE ASPERGER con DISFASIA
	3ºB	6º EP-3ºESO		REFORZO EDUCATIVO PROPOSTO ACI ( mat,B/X e LC)	TDAH Retraso específico da linguaxe

## ALUMNOS CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

ALUMNADO CON DIFICULTADES ASOCIADAS ÁS FUNCIÓNS BÁSICAS NA APRENDIZAXE: ATENCIÓN, MEMORIA, PLANIFICACIÓN, LECTOESCRITURA, DISCALCULIA, E CON DESFASE CURRICULAR

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. REFORZO EDUCATIVO CON APOIO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas

ALUMNADO	CURSO	REPETICIÓN DE CURSO	EXENCIÓN FRANCÉS	MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TIPO DE NNEE
Nº ALUMNOS: 2	1º A	6ºEP- 1ºESO	SI	Apoio con PT en reforzo educativo nas áreas de lingua e matemáticas	DEFASE CURRICULAR
Nº ALUMNOS: 2	1º B	6ºEP- 1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR
Nº ALUMNOS: 1	1º C	1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR
Nº ALUMNOS: 1	2º A	4ºEP 1º ESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO
Nº ALUMNOS: 3	2º C	2º ESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO TDAH
Nº ALUMNOS: 1	2º B	6ºEP-1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO

ALUMNOS CON DIFICULTADES DE ADAPTACIÓN, CONDUCTA

ALUMNADO	CURSO		MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Nº ALUMNOS: 1	1º B	Dificultades de adaptación e habilidades sociais  TDAH	-Seguemento e programa de habilidades sociais e resolución de conflitos na hora de titoría . Dpt. Orientación
Nº ALUMNOS: 2	2º A	Dificultades de relación e habilidades sociais	-Seguemento e programa de habilidades sociais e resolución de conflitos na hora de titoría . Dpt. Orientación
Nº ALUMNOS: 2	2º C	Dificultades de relación e habilidades sociais	-Seguemento e programa de habilidades sociais e resolución de conflitos na hora de titoría . Dpt. Orientación
Nº ALUMNOS: 1	3º A	Síndrome de Asperger	- Proposta de adaptacións curriculares -Seguemento e programa de habilidades sociais, organización e habilidades de adaptación na hora de titoría. Dpt. Orientación
Nº ALUMNOS: 2	3º B	TDAH	
Nº ALUMNOS 1	4º B	TDAH	



## **Previsión de alumnado con necesidades cara o curso 2018-19:**

### **Alumnos de nova incorporación ao centro:**

- Con dificultades de aprendizaxe: 10
- Conductuais: 2
- Aspectos emocionais:3
- Propostas para Ex. en Francés: 6
- Intervención e apoio para a integración coa orientadora: 3
- Adaptación curricular: 2.
- Avaliación psicopedagóxica: 2.

### **Alumnado de 2º curso:**

- Exención de Francés: 8
- Apoio co profesor de Pedagogía Terapéutica: 5
- Avaliación psicopedagóxica: 1.
- Aspectos emocionais: 2
- Intervención e apoio para a integración coa orientadora: 4

### **Alumnado de 3º curso:**

- Apoio co profesor de Pedagogía Terapéutica: 2
- ACI: 2
- Conductuais: 2
- Aspectos emocionais: 1
- Intervención e apoio para a integración coa orientadora: 2

### **Alumnado de 4º curso:**

- Aspectos emocionais: 2
- Intervención e apoio para a integración coa orientadora: 2

## **Medidas de atención á diversidade**

O centro ten previsto na súa planificación xeral as seguintes medidas de atención á diversidade:

-Desdobre nos grupos de 1º e 2º de ESO co criterio de heteroxeneidade e equilibrio tanto académico como de dificultades de aprendizaxe, conducta, TDAH,etc:

-Desdobre completo en Primeiro de ESO

-Desdobre completo en Segundo

- Exención de segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo.

-Reforzo Educativo dentro da aula

-Alumnado con A.C.I. e apoio do profesor de Pedagogía Terapéutica.

-Reforzo individualizado co profesor de Pedagogía Terapéutica, con alumnado que ten medidas de reforzo educativo relacionadas coa adquisicións de aprendizaxes e competencias básicas dentro da programación de aula e con Exención en Francés. En coordinación e dirixido por o profesor da materia.

- Desdobres en 3º e 4º da ESO nas materias de matemáticas, inglés e plástica.

-Plan de apoio e reforzo educativo ao alumnado con materias pendentes, a cargo dos Departamentos didácticos.

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA PRIORIZAREMOS:**

- Desdobres para personalizar os procesos de aprendizaxe.

- Seguemento individual e personalizado.

- Apoio e Orientación persoal, académica e profesional.

- Asesoramento na normativa de convivencia e en valores.

- Mediación para prevención e solución temperá de conflitos.

- Introducción de programas grupais e individuais en Habilidades sociais, convivencia e resolución de conflitos.

- Introducción de programas grupais e individuais en habilidades e estratexias de aprendizaxe.

## **EN BACHARELATO:**

- Fomentar a madurez na toma de decisións.
- Aportar información sobre as alternativas educativas existentes e unha adecuada orientación persoal e profesional de cara á toma de decisións no futuro.
- Actividades grupais de información e orientación
- Atención individual para asesoramento na toma de decisións

### 2.5. Recursos

Para o desenvolvemento do presente plan de actividades, son necesarios entre outros, os seguintes recursos:

#### Humanos:

- A C.C.P como responsable de establecer as directrices xerais de orientación
- A orientadora como asesora e coordinadora do Plan,
- O Especialista de Pedagogía Terapéutica, que colabora co profesorado e ofrece atención educativa directa ao alumnado con necesidades educativas especiais
- O profesor/a titor/a, como principal axente na orientación dos alumnos/as do seu grupo, a partir da estrutura do Plan de Acción Titorial.
- Equipo Directivo como máximo responsable.
- Os profesores/as, como responsables da planificación e integración de actividades de orientación e medidas de atención á diversidade, nas programacións das diferentes materias/ ámbitos, desde a estrutura dos Departamentos Didácticos.
- Os alumnos/as como propios axentes da orientación.
- As Nais/Pais, como colaboradores na orientación dos fillos/as.
- E como soporte externo ao centro, os responsables doutros servizos, institucións Inspección Educativa, EOES, Servizos sociais, servizos socio- sanitarios, asociacións, Policía Local, Policía nacional e autonómica.

#### Recursos técnicos: Utilizacións das Tics

O departamnto de orientación utiliza as tic en diversas tarefas relacionadas coa avaliación psicopedagóxica e o diagnóstico, a información, o asesoramento e, principalmente a orientación académica e profesional, procuramos manter actualizados os contidos do apartado sobre orientación educativa da web do instituto, utilizamos habitualmente Internet como ferramenta de traballo e valémonos de programas e medios técnicos dispoñibles no centro: programas informáticos, ordenadores , aulas de informática e materiais educativos en formato dixital.

### 3. Obxectivos xerais

-Coñecer as características persoais de cada alumno: o seu desenvolvemento evolutivo, as súas capacidades, intereses e afeccións, o seu ritmo de aprendizaxe, etc., permitiranos aplicar con éxito unha metodoloxía de ensino baseado na EDUCACIÓN PERSONALIZADA.

#### **Cada alumno:**

-Aprende en función das súas características e do nivel evolutivo en que se atopa.

-Desenvolve a súa aprendizaxe en base ás súas capacidades, o seu desenvolvemento psicomotriz, o nivel de linguaxe, os seus trazos persoais, as condutas e hábitos adquiridos, etc.

Para iso dentro da labor de orientación de todos os titores e profesorado xunto cos membros do Departamento de Orientación, no que traballan un amplo equipo de profesionais con gran motivación e experiencia docente que se encargan de:

-Reunir información sobre os alumnos.

-Avaliar o seu desenvolvemento de aprendizaxe e os seus trazos persoais.

-Informar e orientar aos pais.

-Realizar a orientación profesional dos alumnos tras terminar as distintas etapas.

-Informar os profesores de cada nivel e orientar sobre pautas de actuación cos alumnos.

-Aplicar, en pequenos grupos, os programas de reforzo educativo e intervención psicopedagóxica.

Dadas as características contextuais consideramos necesario prioriza-los aspectos seguintes:

-Favorecer e impulsar a coordinación cos centros adscritos, principalmente na detección de dificultades de aprendizaxe, medidas de atención á diversidade e técnicas de traballo intelectual. Na 1ª reunión do curso no Departamentos de orientación do IES Virxe do Mar establecéronse como obxectivos prioritarios na coordinación entre Centros os seguintes:

-Unificación de criterios de promoción e medidas de atención á diversidade.

-Unificación dos criterios de orientación para o alumnado con dificultades de aprendizaxe e que se incorpora a 1º de ESO.

-Fomentar a detección de necesidades educativas no inicio da escolaridade.

-Fomentar a coordinación na atención e medidas de resposta á diversidade.

-Fomentar a acción titorial en aspectos relacionados con: Dinámica de grupo, Resolución de conflitos e convivencia, Normas de convivencia, Técnicas de estudo e Orientación vocacional.

-Prever as dificultades de aprendizaxe dos alumnos de nova incorporación ó centro, favorecendo a coordinación, avaliación inicial e medidas de adaptación ó novo centro (xornadas de acollida, información ao alumnado e pais de nova incorporación das normas e canles de funcionamento do Centro, actividades, etc.).

-Fomentar a inclusión nas distintas áreas de contidos procedimentais relacionados con hábitos e técnicas de estudo, competencia lectora e habilidades de aprendizaxe.

-Desenvolver programas de orientación académico-profesional dirixido especialmente a alumnos de 3º e 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos.

-Favorecer a comunicación coas familias dos alumnos, especialmente en situacións de risco de fracaso escolar e inadaptación.

-Fomentar unha pauta de actuación na resolución de conflitos disciplinarios que se centre nos recursos humanos antes que nos recursos institucionais, impulsando accións de mediación na resolución de conflitos no grupo de alumnos, valoración do clima de aula, adaptación de contidos e metodoloxías para facilitar a integración escolar, medidas organizativas e curriculares que permitan dar resposta á diversidade e problemática individual do alumnado, etc.

-Fomentar criterios comúns de avaliación inicial e organización do proceso, para previr dificultades de aprendizaxe, principalmente nos alumnos de nova incorporación.

-Impulsar a creación dun espacio que funcione como punto de recursos didácticos dirixidos a alumnado de NNEE.

-Favorecer o apoio dende o departamento de orientación a alumnos e alumnas con conflitos de relación interpersoal, dificultades de adaptación escolar, social, etc. Así como, apoiar aos titores na orientación coas familias deste alumnado.

#### **4. Planificación Xeral e accións prioritarias:**

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:

- 1º. APOIO AO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE
- 2º. ORGANIZACIÓN DO PLANO DE ACCIÓN TITORIAL E APOIO AOS TITORES PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NO GRUPO.
- 3º. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PLANO DE ORIENTACION ACADÉMICO-PROFESIONAL

#### **PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización, e realiza-las avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
- Diseñar, dentro do Plano de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido do traballo en equipo, a valoración das aportacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
- Ofrecer información ó alumnado do Centro sobre itinerarios formativos-profesionais, a través da organización de xornadas nas que participen os membros da comunidade educativa do centro, ou, a ser posible, outros centros educativos da zona, para dar a coñecer a oferta educativa e as perspectivas de inserción laboral.
- Mellora das canles informativas ao alumnado e profesorado, mediante a actualización do Punto de información do Departamento de Orientación na Biblioteca:
  - Revistas profesionais e divulgativas de experiencias de innovación psicopedagóxica.
  - Guías e revistas de divulgación de estudos universitarios, formación profesional, actividades de ocio e cultura, dirixidas ao alumnado.
  - Creación de paneis informativos nas aulas de bacharelato con información vinculada aos estudos de bacharelato, optatividade, formación profesional, acceso á universidade, etc.
  - Divulgación de puntos de información e asesoramento: Internet, revistas especializadas, ...
  - Actualización do taboleiro do departamento.
  - Páxina web do Centro

Medidas de prevención de conflitos e fracaso escolar:

- Revisión dos expedientes escolares de todos os alumnos e alumnas de todos os cursos da ESO polos titores, e especialmente coordinación cos centros de procedencia do novo alumnado. Información que se analiza nas primeiras reunións de coordinación cos titores para prever dificultades de aprendizaxe e situacións individuais e grupais de risco.
- Reunións de avaliación inicial: coordinación das adecuacións de contidos curriculares, metodoloxía, agrupamento, e apoios individualizados por parte do profesorado dos grupos.

\*Reunión de coordinación cos titores, convocadas pola Xefatura de Estudos, de cara a toma de decisións respecto de: necesidade de avaliación psicopedagóxica, medidas de apoio individuais, valoración da adecuación de optativas, situacións de risco de abandono escolar e medidas individuais e grupais para dar resposta ás necesidades detectadas.

-Orientacións ao profesorado respecto de medidas de prevención con alumnado que presenta dificultades específicas de aprendizaxe: materiais adaptados, aprendizaxes a priorizar, adaptacións metodolóxicas e instrumentos de avaliación.

#### Medidas de apoio ás dificultades de aprendizaxe:

- \*Apoio do especialista de pedagogía terapéutica nas áreas instrumentais.
- \*Obradoiros de Técnicas de traballo intelectual e organización do estudo.
- \* Apoio en habilidades de resolución de conflitos, convivencia e mediación, a cargo do departamento de orientación e equipos de titorías.
- \*Coordinación de criterios de valoración da adecuación de: programacións, prioridades, secuenciación de contidos, criterios e instrumentos de avaliación, agrupamentos, etc.

#### **Concreción no Centro:**

- Coordinación cos titores e titoras na organización do grupo e nas pautas de orientación ás familias.
- Horario específico de atención a pais e nais para facilitar o asesoramento individualizado.

#### A Orientación profesional na formación ó longo da vida, e asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional:

##### **Concreción no Centro:**

- Desenvolvemento dun Programa de toma de decisións, coñecemento persoal, información sobre as opcións académicas e profesionais a través de diverso tipo de actividades, situación do mercado laboral, etc. en 3º e 4º de ESO.

-Actuacións que fomenten a igualdade no acceso á formación profesional, mediante accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade (de xénero, residencia, orixe,...).

Medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.

### **Concreción no Centro:**

-Priorizar a prevención e resposta ás dificultades de aprendizaxe e integración do alumnado.

-Coordinación cos servizos sociais para a prevención de risco social.

-Seguimento personalizado con medidas de apoio ao alumnado que inicia absentismo escolar e ás familias.

### **5. Estratexias de intervención**

Durante os meses de setembro-outubro levaranse a cabo as reunións iniciais tanto do Departamento como dos titores dos distintos niveis co fin de establecer os criterios xerais de funcionamento, coordinación e pautas dos distintos programas a través dos cales se van desenvolver as actividades de Orientación:

- e O Plan de Apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe

-O Plan de Acción Titorial (PAT)

-O Plan de Orientación académico profesional ( POAP)

**Temporalización: SETEMBRO-OUTUBRO**

### **6. Medidas organizativas**

- Reunións periódicas dos titores, orientadora e profesor de PT, convocadas pola Xefatura de Estudos
- Colaboración con outros organismos: Cruz vermella, Servicio de prevención de drogodependencias do Concello e Servizos Sociais e sanitarios.
- Reunións semanais do departamento para seguimento e coordinación das actividades, detectar necesidades de intervención, etc. principalmente do alumnado con NNEE.

-Para facilitar a coordinación co Centro adscrito CEIP “Felipe de Castro” celebraranse reunións trimestrais co Xefe do Departamento de Orientación de dito centro.

-Reunión de titores ao inicio do curso. Temas a tratar:



- Coordinación da avaliación inicial
- Información e orientación aos equipos docentes do alumnado con NNEE
- Valoración das necesidades educativas individuais e organización dos reforzos
- Plan de acción tutorial e Plan de Orientación académico profesional
- Entrega do material inicial
- Acollida e integración de alumnos de nova incorporación

## 7. Avaliación. Indicadores e procedementos

### AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

No Departamento de Orientación do IES Virxe do Mar lévase conta puntual mediante informes de todas e cada unha das intervencións a través dos seguintes documentos:

- Intervencións de orientación académico profesional realizadas con nome do solicitante e asunto tratado.
- Reunións de coordinación co profesorado titor, profesorado de materias e profesorado do departamento.
- Solicitudes de intervención individual e asesoramento a alumnado e pais.
- Informes de Intervención e seguemento con alumnado con medidas de apoio educativo.
- Reunións coas familias, temas tratados, propostas, acordos e seguemento.
- Intervencións en Mediación de conflitos solicitadas.

### CRITERIOS

#### INDICADORES DE AVALIACIÓN:

##### CUANTITATIVOS

- .Número de alumnos atendidos.
- Numero de actividades que se realizaron por curso ou nivel, con alumnos (colectivas e individuais) e con pais.
- Produtos elaborados polo D.O.

##### CUALITATIVOS

- Grao de satisfacción polas actividades realizadas. Medido a través de cuestionarios.
- Nivel de funcionalidade e utilidade das actividades deseñadas. Medido a criterio dos titores, con recollida de propostas de mellora en reunión de coordinación.
- Grao de adecuación das actividades realizadas aos principios e orientacións recollidos no Proxecto Curricular do centro e ás necesidades percibidas. Medido a criterio do Departamento de Orientación coa participación dos titores implicados.
- Grao de implicación dos participantes
- Grao de satisfacción coas actividades
- Grao de dificultade das actividades

- Adecuación dos materiais
- Suficiencia de materiais
- Logro dos obxectivos
- Grao de consecución dos obxectivos.

## METODOLOXÍA

- Cuestionarios
- Reunións de coordinación e valoración das actividades.

## MODELOS DE INSTRUMENTOS

### -CUESTIONARIOS AO ALUMNADO

ACTIVIDADE 1: -Obradoiro de Estratexias de aprendizaxe e técnicas de estudo.

	Valoración		
	MOITO	BASTANTE	POUCO/NADA
1. A presentación era adecuada para o tema			
2.A información aportada era interesante			
3.Os temas se presentaron con claridade			
4.As actividades foron amenas e entretidas			
5. As actividades eran útiles			
6. Aprendín cousas que non sabía			
7. Paréceme convinte que se organicen actividades deste tipo.			
8. Xa fixera outros talleres sobre o tema			
9. Estas técnicas xa as aprendín na escola			

10. Penso que a duración é adecuada			
11. Gustaríame que se lle dedicase máis tempo a este tema.			

ACTIVIDADE 2: Actividades de Convivencia, autoconhecimento, habilidades sociais e resolución de conflitos

	Valoración		
	MOITO	BASTANTE	POUCO/NADA
1. A presentación era adecuada para o tema			
2. A información presentouse con claridade			
3. As actividades foron entretidas			
4. Aprendín cousas que non sabía			
5. Recoñecín moitos dos problemas que temos na realidade			
6. Foime útil			
6. Axudárame a mellorar as miñas relacións cos demais			
7. Axudará a mellorar o clima de relacións no grupo.			

ACTIVIDADE 3: - Actividades de orientación vocacional, académica e profesional (POAP)

	Valoración		
	MOITO	BASTANTE	POUCO/NADA
1. Cres que este obradoiro che proporcionou información suficiente sobre o sistema educativo?			
2. Cres que che axudou a coñecer máis aspectos de ti mesmo e o proceso na toma de decisións?			
3. A información aportada resultouche clara e doada de comprender?			
4. Axudouche a clarificar a decisión para o próximo curso?			
5. As actividades resultáronche interesantes?			
6. Aprendiches cousas que non sabías?			

7. Pareceche convinte que se organicen actividades deste tipo			
8. Pensas que a duración é adecuada			

## **PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **Obxectivos:**

- a) Facilitar ao profesorado información acerca do expediente persoal dos alumnos-as, especialmente de 6º de primaria, para poder dar unha resposta educativa máis axustada as súas necesidades.
  
- b) Prestarlle atención docente directa ao ANEAE, a través do profesor especialista de pedagogía terapéutica, seguindo as liñas establecidas no Plan de Atención á Diversidade.
  
- c) Colaborar na selección do material curricular do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
  
- d) Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe a na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas à súa solución.
  
- e) Buscar a cooperación entre tódolos responsables do proceso de ensino-aprendizaxe das alumnas/os para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos/as.
  
- g) Colaborar, cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares co alumnado con medidas de atención á diversidade.
  
- h) Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
  
- i) Participar nas sesións de avaliación, colaborando co profesorado na búsqueda de respostas educativas ás necesidades do alumnado, informando sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### **Actuacións:**

- a) Colaboración na planificación das actividades de apoio establecendo criterios organizativos sobre horarios, agrupamentos que favorezan a aplicación das medidas de reforzo e atención a alumnos con dificultades de aprendizaxe.

- b) Colaboración e asesoramento na realización das adaptacións curriculares.
- c) Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- d) Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de algúns aspectos da programación como criterios e procedementos da avaliación e de promoción...
- e) Realización da avaliación psicopedagóxica dos alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
- f) Realización de entrevistas e encontros cos profesores, alumnos e pais co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisas para dar respostas às necesidades do alumnado.

### **Seguimento e Avaliación**

A través das diferentes reunións cos membros da comunidade educativa e das sesións de avaliación, farase o seguimento e a avaliación das actividades propostas, tendo en conta os seguintes *criterios de avaliación*:

- Desenvolvemento das ACS e a súa valoración final.
- Seguimento das intervencións demandadas, analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados .
- Cómo influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade.
- Modificacións da proposta de intervención tanto a nivel de horario como na atención prestada ao alumno (dentro ou fóra da aula) ao longo do curso.
- Cuantificación de demandas de asesoramento solicitadas e atendidas.
- Asesoramento solicitado ao D.O. tivo consecuencias positivas para os implicados no proceso.
- Resultados académicos dos alumnos con medidas de ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións. No caso do alumnado atendido polo departamento reflexar estes na folla de seguimento elaborada para tal fin.

### PRINCIPIOS DE ATENCION Á DIVERSIDADE:

1.- O tratamento da diversidade na ESO supón ter en conta os diferentes ámbitos nos que se pode manifestar: capacidades (graos de desenvolvemento actual e potencial), estilos de aprendizaxe, intereses.

2.- Os obxectivos xerais e competencias da etapa, formulados en termos de capacidades a desenvolver por todo o alumnado, deben ser o referente que garanta a atención á diversidade.

3.- A INDIVIDUALIZACIÓN da resposta educativa tanto en contidos, como en metodoloxía, métodos e criterios de avaliación; así como unha atención específica nos casos que así o requiran son a base na que sustentar unha resposta e aportación da mellora da calidade educativa.

### MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Todos os grupos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO son heteroxéneos e equilibrados e diversos factores: intereses, rendemento, adaptación, etc. Para a organización destes grupos realízase unha reunión de profesorado, Orientadora e Xefa de Estudos antes do inicio do curso co obxecto de aunar criterios de agrupamento, priorizando a heteroxeneidade do perfil do alumnado de xeito que non haxa unha acumulación de alumnado con dificultades de aprendizaxe, adaptación, conducta, etc, para poder dar a maior atención posible a este alumnado.

- A exención na materia de Francés (como 2ª lingua estranxeira) no 1º ciclo de ESO decidírase na reunión de avaliación inicial a celebrar no mes de outubro e de acordo cos datos do historial escolar do alumnado que indiquen serios déficits nas áreas lingüísticas ou dificultades xeralizadas.

Este alumnado será atendido polo profesorado de apoio.

De cara a favorecer un modelo de ensino integrador será necesario fomentar a inclusión de medidas funcionais dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. Estas propostas se inclúen no PEC do Centro e son:

- **Criterio de heteroxeneidade na organización dos grupos.**

**Concreción no Centro:** Atender a criterios pedagóxicos de organización dos horarios, para evitar, por unha banda, que os agrupamentos estean condicionados por asignaturas optativas, e por outra, que permitan a toma de decisións por parte do equipo docente, para mellorar as condicións de aprendizaxe nos grupos e a atención individualizada ao alumnado con NNEE. Terán prioridade estas condicións organizativas sempre que as posibilidades horarias o permitan.

- **Priorizar a atención á diversidade nos procesos normalizados de ensino-aprendizaxe a través de:** secuenciación adecuada dos contidos clave nos catro cursos, principalmente nas materias progresivas; metodoloxía variada, funcional e adecuada a cada etapa madurativa do alumnado; e impulsando o valor formativo da avaliación, a variedade e calidade dos instrumentos de avaliación.

**Concreción no Centro:** Os departamentos terán en conta na elaboración das súas programacións os seguintes criterios organizativos:

- Concretar en cada área os obxectivos e contidos avaliábeis en relación á súa contribución ás capacidades establecidas no PEC (obxectivos finais de etapa) e competencia básicas.
- Concretar a súa distribución en cada curso.
- Concretar criterios e instrumentos de avaliación o máis variados posibles.
- Desenvolver estratexias para poñer en coñecemento do alumnado os obxectivos e criterios de avaliación así como os instrumentos de avaliación.
- Priorizar as medidas de reforzo normalizando as diferencias de ritmo e adecuando os obxectivos ao grao de madurez do alumnado.
- As actividades e métodos de avaliación das materias pendentes serán adaptadas para o alumnado con NNEE (ACI) e se incluírán nas programacións de cada Departamento.

Na etapa de ESO realizaranse avaliacións iniciais ao longo do mes de outubro, tal e como se especifica na normativa de avaliación da ESO.

### ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

#### **A) Exención de Francés**

O alumnado de nova chegada ao Centro será proposto para a exención de Francés cos seguintes criterios:

- Non acadar os obxectivos nas materias de Lingua castelá ou Lingua galega no curso anterior.
- Presenta dificultades específicas de aprendizaxe asociadas á competencia lingüística.
- Ten dificultades xeralizadas de aprendizaxe.
- Promociona por imperativo legal.

#### **B) Reforzo educativo**

O profesorado de Pedagogía Terapéutica traballará dando apoio a alumnado con ou sen adaptación curricular individualizada, preferentemente nas asignaturas de lingua castelá, galega e matemáticas. Nos casos que se identifiquen na avaliación psicopedagóxica e se valore como oportuno o traballo específico fóra da aula establecerase de acordo cos profesores o horario para apoio externo en aula específica, decidindo de xeito coordinado as áreas, contidos e formas de avaliación deste alumnado.

- Desdobres nos cursos de 1º e 2º de ESO

#### **D) Adaptacións Curriculares**

Estas medidas començarase a aplicar a partir da avaliación inicial.

Para as adaptacións significativas, realizarase, a proposta do equipo docente, unha exploración psico-pedagóxica e unha valoración das competencias curriculares do alumno ou alumna para determinar a resposta educativa.

Estas Adaptacións serán elaboradas polo profesorado de cada área, en colaboración co profesorado do Departamento de Orientación. Determinaranse os criterios para establecer en que áreas recibirán apoio no seu grupo ordinario ou en Aula de Apoio, que será fundamentalmente o grao de adquisición de estratexias e habilidades de aprendizaxe que lle posibiliten ou non o seguemento das actividades de aula. O traballo dentro do grupo se fará posibilitando a participación deste alumnado en tarefas da súa competencia.

O apoio específico e individualizado levarase a cabo dentro e fóra da aula.

#### **E) Oferta da materia de libre configuración: XADREZ**



## PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

### 1.-INTRODUCCIÓN: MARCO CONCEPTUAL.

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas aduqiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; preparalos para a súa incorporación aos estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

No Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria, establécese que:

- Ó longo de toda a Etapa a función titorial desenvolverase formando parte das tarefas docentes.
- Corresponde ao profesor-titor coordinar os procesos de ensino - aprendizaxe e de avaliación dun grupo determinado de alumnos e alumnas.
- O profesor-titor, na súa dimensión orientadora, atenderá ós aspectos persoais, académicos e de orientación profesional do alumnado. Esta función procurará garantir no segundo ciclo, e especialmente no último curso de dito ciclo que os alumnos tomen as opcións académicas e profesionais acordes coas súas capacidades e intereses.

### 2. OBXECTIVOS E ÁMBITOS DA ACCIÓN TITORIAL.

O Deseño Curricular da ESO determina dentro dos seus obxectivos os grandes ámbitos da acción titorial:

- Axudar a que o alumnado acade a maior autonomía posible no seu proceso de aprendizaxe. “Ámbito de Traballo Intelectual”.
- Axudar a cada alumno e alumna no desenvolvemento da identidade persoal, cun autoconceito realista e positivo. Ámbito de "Ensinar a ser persoa".
- Axudar a que o alumnado sepa adaptarse ao medio e autorregule o seu comportamento. Así mesmo, desenvolver a súa capacidade de convivir no medio social, entre iguais e ante a autoridade. Ámbito de "Ensinar a convivir".
- Axudar a que o alumnado decida con autonomía e responsabilidade. Ámbito de "Ensinar a tomar decisións".

#### **Ensinar a pensar:**

Liña de acción titorial que se ocupa do desenvolvemento das capacidades cognitivas e procedimentais. Débese traballar en todas as áreas. Pártese do principio da modificabilidade cognitiva, é dicir, da posibilidade de que as habilidades do pensamento

sexan aprendidas e controladas por parte da persoa. O seu obxectivo é que o alumnado chegue a ser capaz de aprender a aprender e a ter un control do seu pensamento e das estratexias que emprega (metacognición). É importante ter en conta que moitos alumnos non acadarán o desenvolvemento destas funcións e estratexias cognitivas se non hai un ensino explícito das mesmas. Neste senso, **estimularase o traballo das técnicas de estudio en programas e talleres de adestramento así como de maneira interdisciplinar.**

### **Ensinar a ser persoa: identidade e autoestima**

Establece o desenvolvemento harmónico da identidade persoal e o desenvolvemento dunha imaxe positiva de si mesmo e duns sentimentos de autoestima, autoeficacia e confianza nas propias posibilidades. O ámbito escolar inflúe extraordinariamente na imaxe de si que as persoas van progresivamente construíndo.

### **Ensinar a convivir e ensinar a comportarse**

A aprendizaxe da convivencia no centro educativo prodúcese tanto a través da instrución explícita como a través do modo no que nela se convive. Que esto sexa un proceso positivo non se da de xeito espontáneo, senón que esixe unha reflexión e unha análise por parte do profesorado do tipo de relacións que se establecen dentro da institución escolar. Como medio para o desenvolvemento da capacidade de relación e convivencia, son obxecto de atención as habilidades sociais e as **dinámicas grupais**, que permiten ó alumnado **desenvolver capacidades de comunicación e relación** e establecer relacións mais ricas e positivas cos demais. Parece nestes momentos un obxectivo moi importante o de mellorar o clima de convivencia no centro, en todos os sentidos: limpeza, coidado do material, respecto...

O Obxectivo xeral concrétase en **conseguir unhas "Pautas de conducta persoal" que respondan a acordos básicos de convivencia, tolerancia e respecto ás demais persoas**

### **Ensinar a decidirse:**

É unha das capacidades que definen a unha persoa adulta. Débese facilitar ao alumnado un método que lle permita tomar decisións sobre os propios estudos. É importante a **creación de hábitos**, dun sistema de recollida de datos e dunha **actitude** analítica e reflexiva que poida ser empregada ante calquera situación que o requira. As liñas de actuación para a toma de decisións deberán estar incluídas no Plan de Orientación Académica e Profesional.

Ademais destes, propoñémonos os seguintes obxectivos:

1. Facilitar a **integración do alumnado no seu grupo - clase** e no Centro, promovendo tanto a actuación responsable na marcha do seu grupo como a participación activa nas actividades organizadas.
2. Desenvolver programas de **orientación académica e profesional** que permitan que cada alumno/a poida ir realizando o seu proceso de toma de

decisións responsablemente e con coñecemento das súas capacidades e das ofertas que se lle presentan.

3. Potenciar o **seguimento do proceso individual** realizado por cada alumno e a atención ás necesidades educativas derivadas do mesmo.
4. Orientar e apoiar os **contactos periódicos do titor/a coas familias** co fin de potenciar e favorecer o proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

### 3.- PLANO DE INTERVENCIÓN:

- O Departamento de Orientación, atendendo a propostas de titores e a CCP, elabora o Plan de Acción Titorial.
- Desenvolverase durante unha sesión semanal de titoría cos alumnos o programa de titoría grupal, de maneira que se traballen prioritariamente os aspectos de orientación e seguimento do grupo e de cada un dos alumnos/as.
- Para facilitar a atención individualizada, ademais dos programas grupais, de cara a dar resposta aos requerimentos de información académica, toma de decisións, conflitos de relación interpersoal, etc. do alumnado, establecerase un horario específico no Departamento de Orientación.
- A través dos acordos tomados nas reunións do Equipo Docente de grupo e nas Sesións de Avaliación, o titor/a recollerá a información relevante sobre o proceso individual e de grupo e estableceranse estratexias educativas conxuntas sobre o grupo e cada alumno/a. En concreto:
  - Coordinaranse estratexias de ensino de procedementos e de actitudes comúns a todas as áreas, en especial as referentes a organización do traballo, calendarios de exames, conducta persoal e orde na clase.
  - Coordinaranse aspectos de organización e funcionamento do grupo.
  - Analizarase o proceso seguido polo grupo respecto a obxectivos propostos conxuntamente.
- Manterase contacto cos pais e nais do alumnado, a través de entrevistas individuais, nos tempos establecidos para elo, elaborando o material informativo que se precise.

#### **4.- PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES**

##### **PLANO DE ACCIÓN TITORIAL 2018-2019**

##### **PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES**

##### **INICIO DE CURSO:**

EN TODOS OS GRUPOS:

Temporalización: SETEMBRO- OUTUBRO

- Presentación e coñecemento do grupo e do curso (obxectivos, características, criterios de promoción...)
- Coñecemento das características grupais e individuais ( Ficha titorial e análise dos Informes individualizados do grupo)
- Elección de delegado ou delegada de curso.
- Informar ao alumnado das características do curso: Criterios de avaliación e promoción.
- Información sobre as funcións e funcionamento da Xunta de delegados
- Mellora dos hábitos de traballo do alumnado: organización do horario persoal, axenda, técnicas xerais de traballo e de estudo... (durante todo o curso, pero especialmente neste trimestre)
- Mellora da convivencia: normas propias do grupo, dereitos e deberes do alumnado, normas de convivencia do Centro, (durante todo o curso, especialmente neste trimestre)

<u>PROPOSTAS PLAN DE CONVIVENCIA:</u>
---------------------------------------

##### **1º OBRADOIRO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

**En colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Noia**

**Impartido por psicólogas da Asociación “O compás do Barbanza)**

**CURSOS:** 2º-3º-4º de ESO

**2º ESO:** mércores 10 e 31 de outubro e mércores 14 de novembro.

2ºA: 08:45-09:35

2ºb: 11:35-12:25.

2ºC: 12:45-13:45.

**3ºESO:**venres 19 e 26 de outubro e venres 9 de Novembro.

3ºB: 09:35-10:25.

3ºA: 10:45-11:35.

**4ºESO:** 4ºB: luns 8 e 29 de outubro e luns 12 de Novembro. Horario: 13:35-

14:25.

4ºA: mércores 17 e 24 de outubro e mércores 7 de Novembro. Horario:  
11:35- 12:25.

**2º CHARLAS SOBRE ACOSO ESCOLAR E VIOLENCIA DE XÉNERO NA ADOLESCENCIA E XUVENTUDE (Plan Director para a mellora da convivencia e seguridade nos centros educativos do curso 2018-19)**

<b>Curso/ Tema</b>	<b>Mes/Día da semana /Hora</b>
<b>1ºEso/ Acoso Escolar</b>	venres, 18 de xaneiro/de 09:35 a 12:25
<b>2ºEso/Acoso Escolar</b>	mércores, 16 de xaneiro/de 10:45 a 13:35
<b>3ºEso/ Violencia Xénero</b>	Martes, 9 de abril/de 9:35 a 11:35
<b>4ºEso/Violencia Xénero</b>	Mércores 12 de abril/ de 10:45 a 12:25

**3º. Obradoiro de CONVIVENCIA E COMO RESOLVER CONFLICTOS:**

**APRENDEMOS A CONVIVIR**

Dirixido a traballar as habilidades que favorecen un clima de relacións persoais saudables.

Contidos a traballar nas sesións de tutoría:

- A Convivencia. Que é un conflito. Que é un problema.
- A Empatía
- Estilos de afrontamento: Agresivo- Asertivo-Pasivo
- Negociar as solucións.

<b><u>CURSOS:</u></b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>A CARGO DE</b>
<u>1º e 2º de ESO</u>	FEBREIRO ( 3 sesións de tutoría)	Orientadora

**4º MEDIACIÓN CO ALUMNADO**

<b>CURSOS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>A CARGO DE</b>
1º, 2º, 3º e 4º de ESO	TODO O CURSO	Orientadora/ Titores/as

PROPOSTAS DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

ACTIVIDADE 1º de ESO:	ACTIVIDADE 2º de ESO	TEMPORALIZACIÓN	A CARGO DE
A NOVA ETAPA, información sobre a nova etapa e estratexias de aprendizaxe e organización ao alumnado de nova incorporación.	TÉCNICAS DE ESTUDO	NOVEMBRO- DEC ( 3 sesións de tutoría)	Orientadora

ORIENTACIÓN ACADÉMICO- PROFESIONAL

CURSOS: 3º e 4º ESO

- Programa de orientación académico profesional.  
(XANEIRO/ FEBREIRO/ ABRIL).
- Recollida de información e enquisas ao alumnado
- Elaboración do Consello Orientador.
- Orientación individual de opcións académicas dos titores co seu grupo de alumnos
- Orientación individualizada no departamento de orientación.
- Visita aos Centros Integrados de Formación Profesional de Santiago

TEMPORALIZACIÓN: Xaneiro/ Febreiro/ Abril de 2019

1º e 2º BACHARELATO

-CHARLAS INFORMATIVAS . Vinculacións do bacharelato coa Universidade e Formación Profesional- Criterios de prioridade- Recursos informativos e de Orientación-Bolsas e axudas ao estudo- Residencias, etc.

- Acceso á Universidade
- Probas de acceso a Ciclos Superiores

TEMPORALIZACIÓN: 4/5 de decembro de 2018

## **TERCEIRO TRIMESTRE:**

EN TODOS OS GRUPOS:

- Atención prioritaria á **orientación** de estudos e toma de decisións.
- Orientación individualizada de alumnado en situación de risco, fracaso escolar ou abandono.

### 1º e 2º de ESO

-Educación en valores a través do cine: Programa CINEAULA.

### 3º/4º de ESO

Programa de orientación académico profesional

- Recollida de información e enquisas ao alumnado
- Elaboración do Consello Orientador.
- Orientación individual de opcións académicas dos titores co seu grupo de alumnos
- Orientación individualizada no departamento de orientación.

Esta temporalización de actividades non exclúe a realización doutras propostas que cheguen ao Instituto ó longo do curso e que parezan de interese.

## **MATERIAL PARA TITORES E TITORAS:**

**-CINE PARA CONVIVIR. Autor: Manuel Dios Diz. Editorial Toxosoutos**

**-CINEAULA: Educación en valores, con unidades didácticas.**

**-UNIDADE DIDÁCTICA ( 3º/4º de ESO) : FÍOS VIOLETA, convivir en igualdade.**

**-Páxina web do centro- Departamento de Orientación. Diversos materiais de titorías.**

**-Cuadernos de acción tutorial ( 1º-2º-3º-4º de ESO) Editorial ALFER.**

## PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

A Orientación académica e profesional ten por obxecto axudar ao alumnado ao longo de todo o proceso educativo, especialmente na Educación Secundaria, a coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre as súas preferencias, intereses e capacidades académicas, vocacionais e profesionais para que poida tomar a súa decisión persoal sobre o seu futuro académico e profesional.

O proceso de toma de decisións ao que se está facendo referencia (razón de ser da orientación académica e profesional, deberá ser realizado polo propio alumno, tendo o resto dos membros da comunidade educativa (profesorado, pais/nais, Departamento de Orientación...) a responsabilidade de ofrecerlle a información e orientación precisas para que poda efectuar dita toma de decisións.

### ACCIÓNNS:

- O traballo programado dentro da hora de titoría.
- No seo das distintas áreas e materias, cando así se considere oportuno.
- E por medio de actividades específicas a desenvolver polo propio Departamento de Orientación, a través de: charlas, visitas, atención individual.

As fases que comprende o programa de orientación académica- profesional son:

#### **a) Fase de información. Investigación:**

Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de búsqueda, selección, tratamento e transmisión da información.

#### **b) Fase de Reflexión:**

Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal de cada alumno/a e as opcións e posibilidades que se lle presenten.

#### **c) Fase de toma de decisións:**

Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais.

### **Obxectivos:**

- Proporcionar unha orientación académico-profesional individualizada e diversificada.
- Favorecer o seu paso dende o sistema educativo ao mercado laboral de xeito que sexa unha transición positiva.
- Propiciar un coñecemento axustado e positivo de si mesmo: Coñece-la súa personalidade, intereses, aptitudes, rendemento,...



- d) Facilitar unha toma de decisións reflexiva e autónoma
- e) Ofertar a mellor información poible acerca do sistema produtivo actual: Analiza-las alternativas existentes ó finaliza-la escolaridade
- f) Facilitarlle canles de comunicación con institucións específicas tanto ao alumnado con ANEAE como as súas familias, para propiciar unha adecuada incorporación ao mundo laboral.
- g) Desenvolver a reflexión e a capacidade crítica de cara a toma de decisións: Aprender a tomar decisións que lle afectan persoalmente, valorando os distintos aspectos e o proceso na toma de decisións.
- h) Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa estancia no centro.

## **Bloques de contido**

### 1. Coñecemento de un mesmo:

- Avaliación de aptitudes, personalidade, actitudes e rendemento escolar
- Como me ven os demais
- Preferencias vocacionais
- Expectativas

### 2. Información das saídas académicas:

- O sistema educativo actual (itinerarios, requisitos,...)
- Que podo facer se obteño o título
- Que podo facer se non obteño o título

### 3. Os novos bacharelatos

- Características
- Opcións universitarias
- Vinculacións bacharelato-universidade
- Selectividade : contidos, funcionamento, criterios de puntuación, etc.

### 4. A formación profesional

- Ciclos de grao superior
- Ciclos de grao medio
- Requisitos, características e opcións posteriores

### 5. Análise de alternativas, elaboración do itinerario persoal e toma de decisión

- Charlas informativas e visitas co alumnado sobre as opcións académicas e profesionais ó finaliza-la escolaridade, impartidas pola Orientadora e por profesorado doutros centros nos que exista unha oferta de ciclos formativos, educación de adultos, programas de iniciación profesional, ocupacional, etc..

### **Estratexias de intervención**

**1º e 2º de ESO:** aportación de material e información nas reunións de tutoría

- Actividades a desenvolver polo titor na hora de acción tutorial
- Charla informativa en 2º de ESO sobre optativas do 3º e 4º curso.

**3º curso:**

- Charla informativa en 3º de ESO sobre optativas de 4º de ESO e a súa relación coas opcións posteriores
- Obradoiro de orientación vocacional: autoconñecemento e toma de decisións, impartido pola orientadora do centro.

**4º curso:** Programa a desenvolver pola Orientadora do Centro na hora de acción tutorial

-Estructura do Sistema Educacivo

-Opcións despois da ESO

-A Formación Profesional e condicións de acceso

-Estudos Universitarios e condicións de acceso

-Test individuais de preferencias vocacionais e profesionais

-Visita aos Centros integrados de Formación Profesional de Santiago

-Visita á Universidade de Santiago

-Información sobre a selectividade e proceso de matrícula na Universidade.

Bacharelato e Ciclo Formativo: Charlas grupais informativas a impartir pola orientadora do Centro e organización e participación en xornadas organizadas por outras institucións: o sistema educativo actual, vinculacións entre os bacharelatos e os estudos superiores, requisitos de acceso e prioridade, a universidade en Galicia, distintos tipos de acceso á universidade, bolsas e residencias, probas de acceso LOMCE,...

- Elaboración de horario específico de atención ó alumnado para orientación individual.

### **Materiais**

- Cuestionarios de intereses profesionais e vocacionais
- Guía: ELIGE TU FUTURO
- Guías académicas
- OrientaLine
- CIUG, pax das universidades, etc

***PLAN DE ATENCIÓN Á  
DIVERSIDADE***

***CURSO 2018-2019***

***IES VIRXE DO MAR - NOIA***

## **1. Xustificación baseada no contexto**

### Marco legal

A nosa actividade educativa susténtase nas leis do ordenamento xurídico estatal e da Comunidade Autónoma. Particularmente, apóiase no lexislado pola LOMCE e demais normas referidas ao ámbito educativo.

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos /as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e, se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

LEI 4 / 2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.

*ORDE do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais*



## 2. Identificación e valoración das necesidades

### ANÁLISE DAS NECESIDADES DO ALUMNADO:

#### ALUMNOS CON NNEE

- QUE PRESENTAN DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A TRASTORNOS ESPECÍFICOS E UN DESFASE CURRICULAR DE DOUS OU MÁIS CURSOS CON RESPECTO AO CURSO NO QUE ESTÁN ESCOLARIZADOS, E QUE POLO TANTO, NECESITAN UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

ALUMNADO	CURSO	REPETICIÓN DE CURSO	EX FRANCÉS	MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TIPO DE NNEE
Nº ALUMNOS: 2	3ºA	2ºEP - 6ºEP-3º ESO		REFORZO EDUCATIVO PROPOSTO ACI (mat,B/X, F/Q,LC)	SÍNDROME DE ASPERGER con DISFASIA
	3ºB	6º EP-3ºESO		REFORZO EDUCATIVO PROPOSTO ACI ( mat,B/X e LC)	TDAH Retraso específico da linguaxe

ALUMNADO CON DIFICULTADES ASOCIADAS ÁS FUNCIÓNS BÁSICAS NA APRENDIZAXE:.,ATENCIÓN, MEMORIA, PLANIFICACIÓN, LECTOESCRITURA, DISCALCULIA, E/OU CON DESFASE CURRICULAR

ALUMNADO	CURSO	REPETICIÓN DE CURSO	EXENCIÓN FRANCÉS	MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TIPO DE NNEE
Nº ALUMNOS: 2	1º A	6ºEP- 1ºESO	SI	Apoio con PT en reforzo educativo nas áreas de lingua e matemáticas	DESFASE CURRICULAR

Nº ALUMNOS: 2	1º B	6ºEP- 1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR
Nº ALUMNOS: 1	1º C	1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR
Nº ALUMNOS: 1	2º A	4ºEP 1º ESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO
Nº ALUMNOS: 3	2ºC	2º ESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO TDAH
Nº ALUMNOS: 1	2ºB	6ºEP-1ºESO	SI	Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas	DEFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO

### **3. Determinación dos obxectivos**

#### **Obxetivos xerais**

- Facilitar a todo o alumnado unha atención educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Levar a cabo propostas educativas diversificadas de organización, procedimentos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Coordinar as actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Establecer cauces de colaboración entre os diversos profesores que interveñen co alumnado de necesidades educativas especiais, e con todo o alumnado en xeral a través do profesorado-titor.

#### **Obxectivos específicos**

##### **❖ INTERACCIÓN ENTRE CULTURAS.**

- Proporcionar o coñecemento das diferentes culturas do alumnado favorecendo a tolerancia e convivencia.
- Fomentar o diálogo nas aulas como recurso para expresar ideas e escoitalas.
- Potenciar o traballo cooperativo e a axuda entre compañeiros.
- Traballar con grupos heteroxéneos en proxectos comúns.
- Crear un ambiente propicio para a interacción entre alumnos dentro da aula.
- Facer partícipes aos alumnos da vida na escola.
- Conseguir que a educación no respecto á diversidade presida a vida nas aulas.

##### **❖ IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITO Á PROPIA IDENTIDADE.**

- Facilitar a aprendizaxe de todos e cada un dos alumnos.
- Tratar de responder individualmente aos alumnos dentro dun currículo común.
- Rexeitar calquera tipo de discriminación, sendo os adultos modelos de referencia, para as actitudes positivas que se queren desenvolver.
- Utilizar recursos variados: xogos didácticos, biblioteca de Centro e de aula, medios audiovisuais, visitas, excursións...
- Aproveitar ao máximo os recursos humanos do centro para atender individualmente ao alumnado.



- Estimular as relacións de axuda e cooperación para desenvolver a conducta prosocial, valorando a importancia do esforzo persoal e colectivo para lograr obxectivos comúns.
- Axudar a resolver conflitos e diminuír ansiedades, manifestando actitudes positivas hacia os alumnos.
- Mellorar as habilidades de comunicación entre os membros do grupo-clase, así coma os hábitos de escoita activa respecto do outro.
- Axudar a que os alumnos identifiquen as propias posibilidades e limitacións, valorándoas de maneira adecuada e actuando de acordo con elas.

Educar na liberdade de crenzas, opinións e no respecto ás diferenzas (físicas, psíquicas, sociais, culturais) e aos ritmos individuais, democratizando a vida nas aulas, propiciando o contraste de información e a toma de decisións para facer cidadáns capaces de tomar posturas libres e responsables e de convivir en paz nunha sociedade plural.

Algunhas das actividades para facer posible dito principio son:

- Eliminar calquera tipo de barreira (arquitectónica, cultural ou social) que dificulte a educación integral dos alumnos e alumnas.
- Integrar as diferenzas como normalidade
- Proporcionar ao alumnado respostas educativas adaptadas ás súas capacidades, planificando propostas diversificadas de organización, procedimentos e avaliación.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais, en colaboración con organismos e institucións externas ao Centro cando sexa necesario.
- Establecer cauces de colaboración entre os diversos profesores que interveñen co alumnado con dificultades de aprendizaxe, discapacidades, etc....

#### ❖ **COORDINACIÓN.**

A coordinación interna establecerá relacións fluidas entre o profesorado e o resto da comunidade escolar, para actuar de maneira conxunta, tanto a nivel pedagóxico como de funcionamento.

#### ❖ **NORMALIZACIÓN.**

A atención educativa á diversidade desenvolverase no marco da aula e dos servizos existentes para o conxunto do alumnado do Centro, adecuándoos ás características personais de cada alumno/a mediante a posta en marcha de adaptacións específicas.

#### **4. Descripción das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade**

##### **DESDOBRES**

Grupos heteroxéneos e equilibrados para favorecer a atención individualizada do alumnado nun entorno normalizado.

##### **REFORZO EDUCATIVO**

Grupos de apoio educativo para alumnado que presenta dificultades específicas de aprendizaxe ou desfase curricular que impida o seu desenvolvemento nas aprendizaxes instrumentais.

Será impartido polo profesor de PT dentro e fóra da aula, en función das actividades a desenvolver, coa colaboración do profesorado que dispoña de horas.

Os obxectivos, contidos e competencias de aprendizaxe basearanse nas competencias básicas e na avaliación de obxectivos mínimos determinados polo profesor de aula en colaboración co profesor de apoio.

A avaliación deste alumnado será levada a cabo no seu grupo de alumnos coas adaptacións que determinen os profesores correspondentes.

## **5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

O desdobre de 1º e 2º de ESO será en todas as materias dentro do horario

O criterio de selección de alumnado será o de heteroxeneidade e o equilibrio de diversos trazos: rendemento académico, adaptación, intereses, etc. dos grupos.

O Contido dos apoios centrarase nas habilidades e competencias instrumentais.

### Criterios das medidas de atención á diversidade

**-As propostas faranse na reunión de avaliación inicial do grupo correspondente.**

-Ademais da medida de atención que decida cada profesor ou profesora na súa materia, faranse as solicitudes de profesor de apoio dentro da aula así como a decisión respecto dos materiais de traballo ( libro de texto, material adaptado, fichas,...) nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais, xa que hai que comunicarlle ás familias que libros deberán adquirir.

#### **1º. Reforzo educativo:**

Considéranse como tal medidas como: ampliación de tempo na realización de probas, actividades personalizadas, adaptar os instrumentos de avaliación (con probas tipo test, de resposta curta, oral,...), desdobres nalgunha hora para reforzó de aspectos básicos, actividades complementarias de reforzo , ... En xeral todas as relacionadas coa metodoloxía que non implican a eliminación de obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe mínimos para a superación da materia.

Esta medida non necesita autorización pero debe recollerse no boletín de notas e informes, polo que é necesario que o titor ou titora do grupo estea informado.

Adecuado para alumnado con dificultades atencionais ou madurativas e lixeiro desfase curricular, que dificultan o rendemento pero poden mellorar con este tipo de reforzo.

Pode desenvolverse con profesorado de apoio, preferentemente dentro da aula.

#### **2º. Apoio co profesor de Pedagogía Terapéutica:**

Atención directa co alumnado que presenta retraso significativo nas aprendizaxes instrumentais, e dirixido a reforzar principalmente: comprensión e expresión oral e escrita, razonamento e cálculo matemático., así como aspectos de atención, memoria e razonamento básicos.

Dentro da aula a súa función é a de apoio ao profesor da materia: na organización e atención do grupo e na atención personalizada do alumnado con medidas de reforzo educativo ou ACI.

Fóra da aula realízase o reforzo nos aspectos considerados prioritarios nas competencias lingüística e matemática.

### CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ATENCIÓN DE ALUMNADO CO PROFESOR DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1º. Alumnado con ACI de todos os cursos, nas materias instrumentais (LC, LG, MAT) nas que o profesor ou profesora da materia considere necesario.

2º. Apoio dentro da aula en 3º de ESO en materias con grupo completo e alumnado con ACI/RE

3º Apoios no resto dos cursos con alumnado de Reforzo Educativo e/ou Exención Francés

### **3º Adaptacións Curriculares:**

Considérase Adaptación Curricular sempre que sexa necesario a eliminación, adaptación significativa dos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe considerados mínimos para a superación da materia. Ampliación ou obxectivos de cursos superiores nos casos de Altas capacidades.

O criterio fundamental para esta decisión será a avaliación inicial do profesorado recollendo información da autonomía para desenvolver as actividades de aula e as competencias do alumno ou alumna; así como a información complementaria respecto do perfil cognitivo e psicosocial que aporta o departamento de orientación de cara a establecer prioridades e obxectivos adecuados ás condicións persoais.

Dirixida ao alumnado que por condicións especiais de desenvolvemento madurativo, trastornos específicos ou incorporación tardía ao sistema educativo, requiren medidas extraordinarias.

No caso de propor como medida de atención a adaptación curricular é necesario solicitar autorización a Inspección Educativa, para o cal a orientadora debe elaborar un Informe ao que se adxunta a adaptación proposta polo profesor ou profesora de cada materia.

## **6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.**

As decisións respecto das propostas de alumnado decíranse na reunión de avaliación inicial e serán responsabilidade do profesorado da materia xunto ao equipo docente do grupo.

Os departamentos didácticos e profesorado encargado de impartir os reforzos elaborarán as concrecións na programación e material necesario.

O titor do curso será o que comunicará ás familias as propostas de Reforzo Educativo.

Na mesma reunión de avaliación inicial faranse as propostas de avaliación psicopedagóxica e ACIs.

### 6.1. Funcionamento do departamento de orientación e titorías nos seus ámbitos de intervención

#### PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

-Corresponde aos titores e titoras recabar a información escolar do seu grupo a través de: Informes previos en Xade, fichas de titoría do Centro e entrevistas coas familias e/ou alumnos. O departamento de orientación aportará a información respecto de alumnado con medidas previas de atención á diversidade.

-Corresponde á orientadora do centro realizar as avaliacións psicopedagóxicas previamente solicitadas polos titores, nais e pais ou director do centro. A finalidade deste proceso é aportar información para a toma de decisións por parte do profesorado sobre medidas de atención á diversidade.

-As solicitudes de avaliación psicopedagóxica serán presentadas **según formulario do centro** no Departamento de Orientación pola persoa solicitante da mesma.

-Corresponde á orientadora do centro a valoración dos aspectos cognitivos, psicosociais, madurativos, de adaptación persoal e a existencia de trastornos específicos de aprendizaxe. Así como aportar información e criterios de actuación sobre os mesmos.

Corresponde á orientadora do centro informar ao pai e nai do alumno dos resultados da avaliación psicopedagóxica e as propostas educativas que corresponden segundo a lexislación.

-Corresponde ao profesorado de cada materia avaliar as competencias do alumno ou alumna en dita materia e decidir a necesidade de realizar adaptación curricular na mesma ou medidas ordinarias de atención á diversidade. Nos casos nos que se leven a cabo adaptacións curriculares corresponde ao profesorado a elaboración da mesma na súa materia co asesoramento do departamento de orientación respecto das características a ter en conta: madurez cognitiva, estilo e ritmo de aprendizaxe e necesidades prioritarias do alumno segundo as súas características persoais.

-O desenvolvemento na aula por parte do profesor poderá contar co apoio do profesor de pedagogía terapéutica nos aspectos instrumentais de linguas e matemáticas. O apoio realizarase dentro ou fóra da aula en función do criterio do profesor/a e a dispoñibilidade de horas do profesorado de apoio.

As outras medidas de atención á diversidade recollidas no Decreto que se adxunta corresponde a cada profesor da materia ou ben aos departamentos didácticos a toma de decisións e desenvolvemento das mesmas.

-Cando a medida proposta na avaliación inicial sexa adaptación curricular a decisión e selección de medidas tomarase en reunión convocada pola xefatura de estudos, correspondendo ao profesorado das materias nas que se decida esta medida elaborar e aplicar na aula a adaptación curricular na súa materia, tal como establece a *ORDEN do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptaciónes do currículo nas ensinanzas de réxime xeral*.

-Corresponde aos titores ou titoras a coordinación das medidas de atención á diversidade no seu grupo.

-Corresponde aos titores e titoras dar a información respecto de:

-A comunicación a pais / nais do alumnado das medidas de Reforzo Educativo ordinarias propostas polo profesorado e A RECOLLIDA DO IMPRESO DE AUTORIZACIÓN no caso de propor EXENCIÓN DE FRANCÉS (1º e 2º curso de ESO) e/ou APOIO fóra da aula

( será entregado no departamento de orientación para a xestión na oficina).

-A comunicación e recollida en informe final de curso das medidas de reforzo ordinario, adaptación e/ou apoio co profesor de PT do alumnado que as precisase aportadas polo profesorado das materias.

-Informar aos pais e nais do proceso educativo así como dos problemas atopados co alumnado que titoriza. ( Disporán da información de cada profesor por escrito, tarefa que se organiza dende conserxería coa solicitude de Cita).

- Recoller os xustificantes de faltas de asistencia do alumnado. ( os impresos están en conserxería e o alumno debe pedilos e traeos cubertos)

-Informar mensualmente ás familias das faltas de asistencia e orde ( nos 5 primeiros días do mes seguinte).

-O titor/a debe comunicar as faltas de orde á familia ( por escrito ou telefonicamente). O profesorado introduce as faltas de orde do alumnado, imprime o informe correspondente e o deixa na taquilla do titor/a.

### ACCIÓN TITORIAL

-Corresponde á orientadora do centro elaborar o programa de acción tutorial e orientación académico-profesional segundo as propostas da comisión pedagóxica .

-Correponde á orientadora do centro coordinar os talleres e actividades relacionadas con dito plan.

-Corresponde á orientadora o **asesoramento personalizado** nos aspectos específicos da acción tutorial: organización e técnicas de estudo, conflitos de relación e convivencia, información do sistema educativo e asesoramento, pautas educativas na familia, **por proposta dos titores e titoras ou por solicitude do alumnado e pais ou nais**. Para o desempeño de dita función se reservan horas de atención a alumnado e pais, polo que debe solicitarse cita.

ATENCIÓN A PAIS: Luns a 6ª e 8ª horas Xoves a 3ª hora

ATENCIÓN A ALUMNADO: 2º recreo de luns a xoves / e na hora de titoría grupal

-Corresponde á orientadora a elaboración e desenvolvemento dos programas de convivencia e resolución de conflitos.

-**Mediación**: Cando o profesorado identifique conflitos de relación entre o alumnado do seu grupo debe comunicalo en primeiro lugar ao titor ou titora quen valorará a necesidade de solicitar a Mediación do Departamento de Orientación.

### **CANDO RECORRER Á MEDIACIÓN**



A posibilidade de recorrer á mediación engádese ás outras fórmulas existentes no centro para a resolución de conflitos e pode ser:

- Como un tratamento previo naqueles conflitos para os que ás NOF requiriría algún tipo de sanción. Neste caso se non se resolve o conflito a través da mediación continuaría o proceso polas canles das NOF.

-Como fórmula única naqueles casos nos que sen transgredir ningunha norma do centro existe algún conflito de relación no grupo que sería beneficioso para as partes poder resolver.

-Como tratamento posterior a unha sanción do centro, neste caso sería unha medida reparadora que permitiría dialogar e contrastar os puntos de vista das partes involucradas.

### **-PROCEDIMENTO**

Serán os titores e titoras os encargados de comunicar a conveniencia de mediación despois de recoller información sobre posibles conflitos nos casos nos que aínda non haxa conductas sancionables, e comunicalo no Departamento de Orientación

Nos demais casos corresponde a Xefatura de estudos e/ou Comisión de Convivencia valorar a conveniencia deste recurso.

### **-CASOS MEDIABLES E CASOS NON MEDIABLES**

Os conflitos non son sempre da mesma natureza e da mesma gravidade por iso haberá casos nos que non será posible acudir á mediación como instrumento de solución.

Casos mediables:

- Os casos tipificados como leves nas NOF.
- Cando o titor, titora ou xefatura de estudos identifique a posible existencia de conflitos de relación que poidan dar lugar a conflitos de maior gravidade.
- Nos supostos menos graves de inicio de situación de acoso. (art 30 Lei 4/2011).

Casos non mediables:

- Cando xa existe agresión física ou ameazas con violencia.
- As humillacións graves, acosos, intimidación con matices sexistas, raciais ou xenófobos.
- Aqueles casos que xa utilizaran a mediación dúas veces durante o mesmo curso e sexan reincidentes en condutas contrarias á convivencia.

### ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

-Corresponde á orientadora a programación, coordinación de actividades e desenvolvemento dos programas de orientación vocacional, autoconñecemento e información sobre o sistema educativo.

-Corresponde ao titor ou titora transmitir as necesidades de información do alumnado e realizar o Consello Orientador co equipo docente.

As reunións de tutorías realizaranse por convocatoria de xefatura de estudos.

### *DOCUMENTACIÓN PARA TITORES*

*DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*

Artículo 8. Medidas ordinarias (Elaboradas e aplicadas polo profesorado da materia e comunicadas ao alumnado e aos pais e nais polo titor)

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Correspondentes á organización xeral do Centro ( propoñen departamentos e organiza xefatura de estudos:

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

f) Desdobramentos de grupos.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

h) Programas de enriquecemento curricular.

- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais ( Elabora e aplica Departamento de orientación)

#### Artículo 9. Medidas extraordinarias

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de mellora da aprendizaxe.
- f) Programas de formación profesional básica.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

*ORDEN do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral*

#### Medidas de reforzo educativo

##### Artículo 4º.-Definición e condicións.

1. O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e

instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

2. As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e se realizarán segundo se establece a continuación:

a) Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poiden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

b) Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este llo comunicará ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

#### As adaptacións curriculares

##### Artículo 5º.-Definición.

1. Aos efectos da presente orde, entenderase por adaptacións curriculares as modificacións de un ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

2. O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa.

Os obxectivos poderán pertencer, se procede, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto da adaptación curricular.

##### Artículo 6º.-Condicións.

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que podrán ser reajustados, reducidos, suprimidos, complementados o ampliados, si procede; os contidos, que tamén podrán ser modificados, complementados e incluso suprimidos; e os criterios de avaliación, que podrán ser adaptados, complementados, modificados e incluso suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficits de calquera índole ou por poseer cualidades

excepcionales, no pueden seguir el proceso ordinario de enseñanza-aprendizaje sin medidas de modificación esencial del currículum de referencia.

c) Su diseño y desarrollo será responsabilidad del profesor o profesora que imparte el área o materia al alumno, con la colaboración del seminario o departamento didáctico, con el asesoramiento del responsable de la orientación educativa del centro, si existe, o del equipo psicopedagógico de apoyo de sector y, si procede, de cualquier otro profesional que participe en la atención al mencionado alumno.

Artículo 7º.-Proceso de elaboración.

1. Para llevar a cabo la adaptación curricular en cualquiera de las áreas o materias del currículum, los centros deberán realizar una evaluación diagnóstica en la que se recogerán datos relevantes sobre la situación socio-familiar del alumno o alumna y sobre su proceso de aprendizaje, aportados tanto por el equipo educativo responsable del alumno o alumna, como por el orientador del centro, si existe, el equipo psicopedagógico de apoyo o cualquier otro profesional que esté participando en la atención al mencionado alumno.

2. Los centros deberán realizar una reunión coordinada por el jefe de estudios a la que asistirán el tutor, los profesores que imparten las áreas o materias que se consideran objeto de adaptación curricular y los profesionales que participaron en la evaluación diagnóstica. En esta reunión se decidirá la pertinencia de la adaptación curricular, así como aquellos elementos del currículum que, en su caso, deberán ser modificados.

3. Se elaborará la adaptación del currículum de referencia en las áreas o materias acordadas, según lo establecido en la presente orden.

4. Los datos obtenidos en la evaluación diagnóstica establecida en el apartado 1 del presente artículo se reflejarán en un documento de adaptación curricular en el que se consignará, según el modelo del anexo I de la presente orden,

*DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.*

Artigo 59º.

1. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.

- b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ñ) Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- o) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.

- q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
- s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

#### Artigo 59°.

1. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-lo alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

- j) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- k) Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m) Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- n) Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ñ) Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- o) Informar ó alumnado do grupo, ós pais e nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- p) Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- r) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
- s) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados os pais e nais ou titores e o xefe ou xefa de estudos.
- t) Implica-las familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- u) Atender, xunto co resto de profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

### **7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.**

A través dos titores/as e o Departamento de Orientación recabarase a información previa dos Centros de procedencia, coordinaranse as actividades, contidos de reforzo nas horas específicas e criterios de avaliación entre o profesorado responsable da materia e o profesorado de apoio na mesma.

-Coordinación do profesorado de apoio unha hora semanal



-Coordinación cos titores , equipos docentes e departamento de orientación por convocatoria de xefatura de estudos.

### **8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao Centro.**

Cada titor/a de alumnado con reforzo educativo informará aos pais, nais ou titores legais a medida de reforzo, o progreso do alumnado, etc.

Cada profesor terá no seu horario unha hora de atención a pais.

Aquel alumnado que participe en programas de servizos externos ao Centro ( Cruz Vermella, Servizos sociais, etc..) será supervisado polo departamento de orientación que será o encargado de coordinarse co profesorado destes servizos externos.

ANEXOS

I.- . PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS, EDUCACIÓN EMOCIONAL E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.....	59
II.-PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS PARA ALUMNADO CON MEDIDAS CORRECTORAS.....	63
III.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN.....	65
IV.- PROGRAMACIÓN TALLERES TÉCNICAS DE ESTUDO.....	70

## I. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS, EDUCACIÓN EMOCIONAL E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Dirixido a: Grupos de ESO  
 Impartido por: Orientadora do Centro  
 Hora de titoría de cada grupo

### CONVIVENCIA, RELACIÓNS INTERPERSOAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Impartido por: Orientadora  
 Dirixido a: 1º-2º-3º-4º ESO  
 Temporalización: 2º/3º Trimestre ( febreiro-marzo-/abril-maio)

#### OBXECTIVOS

- Sfrgxnsibilizar ao alumnado da mellora da convivencia como un obxectivo social de todos.
- Comprender como nos relacionamos, que factores nos inflúen e como podemos aprender habilidades para mellorar a nosa competencia social.
- Desenvolver unha idea de grupo.
- Comprender a diferenza entre un problema, un conflito e o acoso.
- Adquirir coñecementos e habilidades relacionadas cos diferentes estilos de comunicación : asertivo-pasivo-agresivo
- Adquirir a noción de empatía como reguladora das relacións interpersoais.

#### CONTIDOS E ACTIVIDADES

##### A CONVIVENCIA

1. QUE É UN CONFLICTO E QUE É UN PROBLEMA ( powerpoint)
2. VIDEO: CONFLICTO. NO PIERDAS LA PERSPECTIVA
3. EMOCIONS DETRÁS DOS CONFLICTOS ( IRA-EMPATÍA)powerpoint  
 Intelixencia emocional  
 EMOCIÓNS POSITIVAS  
 EMOCIÓNS NEGATIVAS.  
 TIPOS e como condicionan o pensamento interno e a conducta.
4. ESTILOS DE RESOLUCIÓN: AGRESIVIDADE-PASIVIDADE-ASERTIVIDADE

## A ASERTIVIDADE

*É un estilo de comunicación no que a persoa nin agrede nin se somete á vontade doutras persoas, senón que expresa as súas opinións con tolerancia e respecto aos demais.*

*Unha persoa asertiva actúa respectando para si mesma e para os demais os seguintes principios de comunicación:*

- *Ser tratados con respecto*
- *Expresar opinións propias e sentimentos, incluído o enfado.*
- *Equivocarse.*
- *Decidir persoalmente as súas prioridades.*
- *Ser escoitada e tomada en serio.*
- *Ser independente.*
- *Poder pedir a alguén que cambie a súa conducta cando agrede.*
- *Cambiar de opinión.*
- *Usar mensaxes EU Expresarse sen desacreditar a outra persoa, senón explicando as propias necesidades.*
- *Darse conta que todo dereito esixe responsabilidade .*

## A CONDUCTA AGRESIVA

*este estilo de comunicación caracterízase pola sobrevaloración das opinións e sentimentos peroais, despreciando os dos demais.*

*As persoas agresivas caracterízanse por:*

- *Pensan que se non actúan así son demasiado vulnerables.*
- *Pelexan, acusan, interrompen, ameazan e agreden aos demais sen ter en conta os seus sentimentos.*
- *Non admiten o acordo nos problemas soamente gañar ou perder.*
- *Ten consecuencias de: tensión, descontrol, mala autoimaxe, soedade, fire aos demais, frustración.*
- *Producen rexeitamento nos demais.*

5. EMPATÍA

6. VIDEO: EN MIS ZAPATOS

7. NEGOCIANDO SOLUCIÓN: 5 PASOS PARA RESOLVER CONFLICTOS

VIDEO: EL PUENTE

- ESCOITAR
- VALORAR SOLUCIÓNS EQUITATIVAS
- CEDER
- RODA DAS SOLUCIÓNS A UN CONFLICTO

ACTIVIDADES PRÁCTICAS:

- a) Meterse cos demais
- b) Os insultos
- c) As bromas pesadas
- d) Os amigos de “boquilla”
- e) O equipo que non funciona
- f) As faltas de respecto
- g) Comunicar o que se sente
- h) Descalificacións verbais
- i) Dar de lado
- j) As agresións físicas
- k) Consellos, habilidades para solucionar os conflitos

8. ACTIVIDADE DE COÑECEMENTO DO GRUPO: EL ÁRBOL/VISIÓN SOBRE OS COMPAÑEIROS

9. ACOSO ESCOLAR: Que é- Liderazgo negativo- Victimización-Papel do grupo- Que facer

10. VIOLENCIA DE XÉNERO: Que é- Síntomas- Que facer

MATERIAL:

- Presentación
- Vídeos explicativos
- Actividade: El Árbol
- Actividades de Relacións interpersoais, Edtrl EOS
- Película COBARDES e ficha de traballo (2º ESO)
- Película MEE-SHEE e ficha de traballo (1º ESO)
- Curta sobre Violencia de xénero e ficha de traballo (3º/4ºESO)
- Película La cena de los idiotas e ficha de traballo (3º/4º ESO)

RECURSOS:

- Departamento de Orientación do Centro
- Charlas da Garda Civil e Policía Nacional grupo de Menores dentro do Plan Director para a convivencia e seguridade dentro do Programa de Prevención de Acoso escolar e violencia de Xénero.

**AVALIACIÓN:**

**ENQUISA AO ALUMNADO**

1. A presentación era adecuada para o tema
2. A información aportada era interesante.
3. Os temas se presentaron con claridade.
4. As actividades foron amenas e entretidas.
5. As actividades eran útiles para entender a idea.
6. Aprendín cousas que non sabía.
7. Paréceme convinte que se organicen actividades deste tipo.
8. Xa fixera outros talleres sobre o tema
9. Estas técnicas xa as aprendín na escola

10. Botei en falta: \_\_\_\_\_

Suxerencias: \_\_\_\_\_

**PAUTAS PROFESORADO:**

[http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/186/cd/m4/cmo actuar ante la conducta desafiante yo violenta en el aula.html](http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/186/cd/m4/cmo_actuar_ante_la_conducta_desafiante_yo_violenta_en_el_aula.html)

## II.-PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS E NORMAS DE CONVIVENCIA PARA ALUMNADO CON MEDIDAS CORRECTORAS

### PROGRAMA DE COMPETENCIA SOCIAL E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

#### 1. OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar as habilidades de comunicación tanto verbais como non verbais que permitan á persoa expresarse, comprender e responder ás expresións dos outros.
- Comprender o valor prosocial das habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos
- Integrar habilidades e competencias na práctica do traballo en grupo.
- Adquirir unha visión como membro dun grupo integrado.
- Coñecer o tipo de pensamento implicado na resolución de problemas: pensamento causal, pensamento consecuencial, pensamento medio-fin.

#### 2. CONTIDOS

##### HABILIDADES COGNITIVAS

- O Pensamento causal
- O pensamento alternativo
- O pensamento consecuencial
- O pensamento en perspectiva
- O pensamento medios-fin
- Asertividade-Agresividade

##### HABILIDADES CONDUCTUAIS

###### ***Habilidades relacionais.***

- Escoitar (escoita activa).
- Solicitar información
- Desculparse
- Comprender e sintonizar cos sentimentos dos demais.
- Pedir permiso.

###### ***Habilidades de autoafirmación ou asertividade.***

- Uso das mensaxes EU.
- Facer e recibir críticas.
- Negociar.
- Expresar emocións negativas.
- Recibir emocións negativas.
- Saber autocontrolarse.

- ESTRUCTURA DE FUNCIONAMENTO

O Programa de habilidades sociais comprende 4 sesións. Cada sesión abordará un obxectivo específico.

1º SESIÓN: Presentación do programa e xogos de dinámica de grupos para introducir as habilidades de comunicación e as pautas de organización e funcionamento eficaz dun grupo.

2ª -3ª SESIÓN: Introducción do coñecemento das habilidades cognitivas que están implicadas na resolución de conflitos : asertividade, pensamento causal, consecucional,etc.

4ª SESIÓN: Actividades de debate sobre dilemas e aplicación das habilidades de competencia social.

Cuestionario de avaliación. Conclusións finais e valoración da experiencia e o aprendido.

- AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Realizarase a través de cuestionarios de autoavaliación e de valoración do programa así como na posta en común e manifestacións do alumnado e seguemento da corrección das condutas.

RECURSO: Programa de competencia social de Manuel Segura Morales.



### III. PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR

#### MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA RECOLLIDAS NO NOSO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para poder acadar os obxectivos e mellorar a convivencia no centro PRIORIZAMOS propostas de traballo preventivas e resolutivas en canto aos conflitos que vaian aparecendo.

Unha destas medidas é a Mediación, xunto con outros talleres de formación en habilidades sociais e resolución de conflitos e a organización dos protocolos de funcionamento das titorías.

O plan de Convivencia do centro integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras (art 10- *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*)

#### **1.-Xustificación**

A mediación como instrumento de mellora nas relacións interpersoais e a xestión dos seus conflitos é un campo cada vez máis estendido en moitos ámbitos, dende o xurídico ata o escolar. A preocupación social polo aumento da conflictividade nas aulas e a necesidade de educar na xestión pacífica dos conflitos veuse plasmando na lexislación europea, estatal e autonómica dos últimos anos.

#### **2.-Fases da implantación do servizo de mediación escolar**

##### **1.-No marco do Plan de Acción Tutorial:**

Entendendo a mediación como ferramenta para axudar ás persoas a resolver os conflitos, esta débese tratar como unha actuación de formación global dentro dun programa de educación. A mediación nunca pode ser unha oferta illada dentro do centro, por iso, a acción tutorial debe incluíla como tal, como unha ferramenta básica para o alumnado, para facer uso dela no ámbito do centro escolar.

Informas ao alumnado de en que consiste a mediación, os procedementos e as condicións para participar.

##### **2.-No marco do Plan de Convivencia:**

A mediación proporciona unha saída construtiva aos conflitos de cada día. Ademais, favorece:

- A prevención dos conflitos..
- O crecemento persoal..
- A mellora do ambiente do centro..
- A participación activa e responsable do alumnado na vida do centro. O traballo conxunto dos diferentes sectores da comunidade educativa.

- O fomento da educación para a paz.
- A democratización das actividades do Centro.

### **3- A MEDIACIÓN-**

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos no que as dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial a fin de chegar a un acordo satisfactorio para as partes. É un método que procura a busca de solucións evitando o antagonismo entre vencer e gañar.

A implementación da mediación no centro non suspende a normativa do mesmo que regula as normas, e mesmo as faltas e sancións, senón que é un instrumento máis que intervéñ nas relacións dos membros da comunidade educativa. É por iso que para a posta en marcha de cada novo proxecto cómpre a revisión dos distintos instrumentos normativos vixentes no centro a fin de evitar a ambigüidade ou a arbitrariedade na aplicación dun ou doutro procedemento para conflitos semellantes.

#### **3.1 CARACTERÍSTICAS DA MEDIACIÓN**

- Debe ser voluntaria.
- Regulaméntase por regras de confidencia.
- Cómpre un seguimento dos acordos das partes.
- Cómpre formación inicial e permanente das persoas mediadoras.
- Precisa difusión e aceptación por parte da comunidade educativa.
- Precisa uns recursos determinados, tempo e espazo adecuado.

#### **3.2 OBXECTIVOS:**

O OBXECTIVO xeral do programa de mediación é mellorar o clima de convivencia do centro, sobre todo, en:

- Reducir a hostilidade.
- Promover os procesos de respecto mutuo
- Eliminar a violencia e o carácter destructivo da conflictividade.
- Desenvolver habilidades sociais nos alumnos e alumnas.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Establecer a mediación como vía de negociación de forma habitual para que sexa adoptada como método de resolución de conflitos.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións diferentes.
- Aprender a escoitar e a falar xa sexa intentando convencer ou aceptando as posturas contrarias. Non ter problema en recoñecer que os argumentos contrarios teñen máis peso cós propios.
- Aprender a respectar os acordos.

## **5.- O EQUIPO DE MEDIACIÓN**

O equipo de mediación estará constituído polos titores e titoras como coordinadores dos conflitos no seu grupo e pola orientadora do centro como mediadora principal.

Coa intención de que se sumen outras profesoras e profesores na labor de mediación en conflitos.

## **6. CANDO RECORRER Á MEDIACIÓN**

A posibilidade de recorrer á mediación engádese ás outras fórmulas existentes no centro para a resolución de conflitos e pode ser:

- Como un tratamento previo naqueles conflitos para os que o RRI requiriría algún tipo de sanción. Neste caso se non se resolve o conflito a través da mediación continuaría o proceso polas canles das NOF.

-Como fórmula única naqueles casos nos que sen transgredir ningunha norma do centro existe algún conflito que sería beneficioso para as partes poder resolver.

-Como tratamento posterior a unha sanción do centro, neste caso sería unha medida reparadora que permitiría dialogar e contrastar os puntos de vista das partes involucradas.

### **6.1.-CASOS MEDIABLES E CASOS NON MEDIABLES**

Os conflitos non son sempre da mesma natureza e da mesma gravidade por iso haberá casos nos que non será posible acudir á mediación como instrumento de solución.

Casos mediables:

-Os casos tipificados como leves nas NOF.

-Cando o titor, titora ou xefatura de estudos identifique a posible existencia de conflitos de relación que poidan dar lugar a conflitos de maior gravidade.

-Nos supostos menos graves de inicio de situación de acoso.(art 30 Lei 4/2011).

Casos non mediables:

-Cando xa existe agresión física ou ameazas con grave violencia.

-As humillacións graves, acosos, intimidación con matices sexistas, raciais ou xenófobos.

-Aqueles casos que xa utilizaran a mediación dúas veces durante o mesmo curso e sexan reincidentes en condutas contrarias á convivencia.

## 7.- SENSIBILIZACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA:

### 7.1 Sensibilización ao profesorado.

#### PASOS:

##### 1.-Análise da convivencia no noso centro:

Obxectivo: fundamentar a necesidade da posta en marcha dun servizo de mediación escolar. A implantación dun servizo de mediación entreiguales supón un investimento de enerxía e un custo de recursos humanos, materiais e organizativos. En consecuencia, existen maiores expectativas de éxito se esta ofrece unha resposta ou solución a unha necesidade prioritaria do centro percibida por a maioría.

Por outra parte, a análise da convivencia pode poñer en evidencia problemáticas ocultas ás que non se prestara atención, como unha conflictividade entre iguais ás veces non percibida para o profesorado, razón que fundamentaría a posta en marcha dun servizo de mediación. O seu obxectivo será identificar as prioridades de actuación que existen en canto a convivencia.

É indubidable que o terreo ha de estar medianamente aboado, que a súa implantación arraigará mellor, se o centro xa conta cunha traxectoria de traballo neste sentido.

### 7.2-Sensibilización ao alumnado:

A través das sesións de titoría pódense establecer os primeiros contactos do alumnado co tema. Neste punto, a función será tanto informativa coma formativa.

O Noso obxectivo é dobre: que o alumnado se familiarice co tema e que adquiran recursos e habilidades mediadoras.

A continuación, descríbense as ferramentas que utilizamos para a análise da conflictividade escolar a cargo de titores e titoras:

#### Cuestionarios ao alumnado:

##### 1.-Que tipo de conflitos é máis frecuentes entre os teus compañeiros e compañeiras?

Insultos , ofensas

Malentendidos

Agresión física leve

Agresión física grave

##### 2.-Onde ocorren os conflitos

Na saída ou entrada

Na clase

Nos cambios de clase

No recreo

Nos baños

Fora do centro

##### 3.-¿Qué fas para resolver un conflito cun compañeiro ou compañeira

- Recurrir a un amigo-a
- Recurrir a un profesor-a
- Recurrir á túa familia
- Pelexar
- Dialogar con el ela
- Pasar del- dela
- Outras

IV.- PROGRAMA BASES TÉCNICAS DE ESTUDO:  
INTRODUCCIÓN ÁS TÉCNICAS E HABILIDADES PARA MELLORAR A APRENDIZAXE.

**OBXECTIVOS:**

- Sensibilización positiva hacia o estudo
- Comprensión das habilidades que afectan á aprendizaxe: concentración, atención, relaxación , memoria.
- Iniciación en Técnicas de organización e estudo activo:
- Subliñado
- Esquemas e mapas mentais
- Tarxetas
- Criterios de organización.
- Condicións ambientais que melloran o rendemento.
- Técnicas de memorización: tarxetas, mnemotecnia.

Actividades:

**1ª sesión:** Presentación (Cuestionario de habilidades de aprendizaxe-2º curso).

Presentación e Condicións do lugar de estudo-1º curso

**2ª sesión:** Organización. Planificación trimestral e semanal.

Material: Modelo de organizador e consellos.

**3ª Sesión:** Prácticas das principais técnicas de estudo. Ruta dos autobuses. Usos do subliñado. Exercicios prácticos de concentración.

**4ª sesión:** Esquemas, características e práctica (na presentación). Técnicas de memorización basadas na clasificación da información, mnemotecnia, tarxetas...

Material: exercicios de historietas e acrósticos.

**5ª sesión:** Consellos para os exames. Control da ansiedade. Técnicas de concentración e relaxación.

TEMPORALIZACIÓN: 1º trimestre

**AVALIACIÓN:**

-Cuestionario ao alumnado.

**TALLER DE ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE.**

1. A presentación era adecuada para o tema
2. A información aportada era interesante.
3. Os temas se presentaron con claridade.
4. As actividades foron amenas e entretidas.
5. As actividades eran útiles para entender a idea.
6. Aprendín cousas que non sabía.
7. Paréceme convinte que se organicen actividades deste tipo.
8. Xa fixera outros talleres sobre o tema
9. Estas técnicas xa as aprendín na escola

10. Botei en falta: \_\_\_\_\_

Suxerencias: \_\_\_\_\_

En Noia, a 25 de Outubro de 2018  
Asdo: Macarena Carballeira Cabana  
Orientadora